



Servicios de interese para a cidadanía do departamento de servizos sociais do Concello de Ponteceso

Teleasistencia:

Lembramos a todos os vecinos e veciñas, que o Concello de Ponteceso conta co servizo de Teleasistencia domiciliaria. Trátase dun servizo de atención telefónica ininterrompida cun equipamento de comunicación e informática específicos. O sistema consta dunha unidade de alarma que leva a persoa, unha terminal telefónica e unha central informatizada, receptora de chamadas situada no Centro de Atención. Permite aos usuarios ante calquera situación de emerxencia, e tan só con premer un botón, comunicarse coa central, atendida por persoal especializado, para dar resposta á crise presentada.

O acceso a este servizo é de libre concorrencia.

Acceso polo SGAD, segundo o Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dreito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma galega.

Lembramos que se trata dun servizo de atención ao usuario que pode **atender para múltiples situacións, activo 24 horas ao día e os 365 días no ano.**

Os beneficiarios contribuirán co financiamento do servizo **cun prezo de 5 euros mensuais**, no suposto de que a súa capacidade **económica sexa superior ao 75% do IPREM**, aboando o resto a Xunta. Se a capacidade económica do **usuario é inferior ao 75% do IPREM**, recibirá o servizo **de xeito gratuíto.**

Xantar na casa:

O obxectivo principal deste servizo é mellorar o nivel de benestar e calidade de vida de moitas persoas maiores e/ou dependentes, e tamén das súas familias, manténdolas no seu contorno comunitario e retrasando ou evitando a institucionalización.

Obxectivos:

- **Trátase de proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado** e evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada..
- Previr situacións de risco.
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores.
- Facer un seguemento e acompañamento individualizado por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

Os beneficiarios serán persoas **empadroadas no Concello de Ponteceso** que cumpran os seguintes requisitos:

- Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, sen rede de apoio que poidera suplir tal situación.
- Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.
- Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, técnicaamente avaliada polos servizos sociais do Concello.

O prezo do servizo de cada **menú diario será de 6,93 euros**, dos cales a persoa usuaria pagará **1,85 euros**, o Concello a **mesma cantidade e o Consorcio 3,23 euros**.

Servizo de transporte adaptado:

O servizo de transporte adaptado é un servizo público autonómico de carácter social de axuda ao desprazamento programado e non urxente para achegar ás persoas con discapacidade e/ou dependentes a programas, centros ou servizos, en condicións de máxima seguraza, cos medios necesarios e co presenza dun/dunha monitor/a acompañante.

Os requisitos para ser usuario son:

Ter a súa residencia no Concello, no momento de ter solicitado o recoñecemento da condición de persoa usuaria do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.

Ter recoñecida a situación de dependencia e/ou recoñecido un grao de minusvalidez igual ou superior ao 65%.

Imposibilidade de utilización de transportes colectivos, motivada pola súa situación de dependencia ou discapacidade.

Para poder informarse e optar a estes servizos, os veciños e veciñas do Concello de Ponteceso poden acudir aos servizos sociais deste Concello, de luns a venres dende as 08.30h ás 14.30h, de luns a venres, ou chamar ao teléfono 981 714 000.